

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS PARA A CELEBRACIÓN DAS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NA RUTA DO VIÑO RÍAS BAIXAS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

#### DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa entidade Asociación Ruta do Viño Rías Baixas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Ruta do Viño Rías Baixas para o apoio á celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño Rías Baixas. A Asociación, como entidade organizadora dos actos das xornadas, ven desenvolvendo un labor de continuidade da promoción e difusión do turismo.

A promoción deste evento considérase como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia. A categoría e relevancia acadada por esta celebración fan que acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos seus extraordinarios recursos turísticos, impulsando así a mellora económica do sector.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.



**Segundo.-** Que a Asociación da Ruta do Viño Rías Baixas formalizou a súa constitución no ano 2008 . O seu labor resulta esencial para a promoción do enoturismo no territorio que abrangue, xa que aglutina case o 100% do sector enolóxico interesado na vertente turística.

A Asociación ten como ámbito de actuación o territorio que ocupa a Denominación de Orixe Rías Baixas, que comprende cinco subzonas, perfectamente individualizadas, o Val do Salnés, cos concellos de Cambados, Meaño, Sanxenxo, Ribadumia, Meis, Vilanova de Arousa, Portas, Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, Barro, O Grove e A Illa de Arousa; o Condado do Tea, nos concellos de Salvaterra de Miño, As Neves, Arbo, Crecente, Salceda de Caselas, Pontearreas, A Cañiza, Tui e Mos; o Rosal -cos concellos de O Rosal, Tomiño, A Guarda, Tui, Gondomar e Soutomaior- e a Ribeira do Ulla, cos concellos de Vedra, Padrón, Teo, Boqueixón, Touro, A Estrada, Silleda e Vila de Cruces.

O seu fin principal é ofrecer ao visitante das Rías Baixas unha oferta enoturística completa e da máis alta calidade. Constitúe un organismo promocional único na súa zona xa que a ela están adheridos todos aqueles establecementos e empresas que participan dun xeito activo no enoturismo deste territorio.

**Terceiro.-** No actual escenario turístico estamos a vivir un gran desenvolvemento do enoturismo, no que o viaxeiro se achega ás comarcas vitivinícolas co gallo dun maior coñecemento do viño e da súa cultura ancestral, o que o leva a interesarse tamén polos recursos turísticos desa comarca. Nesta iniciativa das Xornadas anuais de portas abertas nas Rutas dos Viños de Galicia, as Asociacións das Rutas dos Viños de cada Denominación de Orixe propoñen a realización dun conxunto de actividades diversas, todas elas relacionadas coa experiencia enoturística: catas de viño comentadas, buses con guías especializados que realizan visitas ás adegas, descontos en aloxamentos, rutas monumentais, charlas en museos do viño, menús degustación con maridaxes específicas de viños, paseos en barco, monólogos humorísticos nas adegas, maxia..., un cartafol de produtos variados e novidosos que pretenden ser atractivos para os interesados. Todas estas actividades son as consideradas obxecto de financiación pública, polo interese que espertan no público obxectivo e pola importancia que supón para a Xunta de Galicia e para a Comunidade Autónoma en xeral, ao contribuír a mellorar a ocupación dos establecementos de aloxamento turístico, as empresas de restauración e o turismo en xeral nos espazos rurais.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

